

Torre de O Castro

050086

Datos de Localización

Torre

Nomenclator:	3207703
Coord. UTM:	X: 60395350 Y: 466441735
Concello:	Sandiás
Parroquia:	SANDIÁS
Lugar:	Castro, O
Tipoloxía:	Arquitectura Defensiva
Tipo:	Torres
Subtipo:	Torre



Denominación: Torre de O Castro

Etapa Histórica: Idade Media

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

A torre sitúase sobre un afloramento rochoso, dende o cal goza de moi ampla visibilidade, ó mesmo tempo que dispón do material granítico preciso para a súa construción, que de seguro facilitou en boa medida este labor. Sóese mencionar neste lugar a existencia neste lugar dun asentamento castrexo, do que non existe nada e igualmente tódolos restos materiais aparecidos remiten á Idade Media, polo que pode dicirse que tal atribución só pode argumentarse pola coincidencia do topónimo con ese tipo de poboados, se ben hai que dicir que o termo castrum refírese a núcleos fortificados, sendo válido para diferentes cronoloxías.

A súa orixe é descoñecida, se ben tódolos autores tenden a encadrala dentro das disputas fronteirizas do século XII, en 1348 sería propiedade de Fernández de Biedma, sendo atacada en 1386 polo duque de Lancaster, segundo recolle toda a bibliografía. No 1441 a propiedade é de Francisco Álvarez, provisor do bispo e pouco despois atopámola en mans da familia Pimentel, en 1448. Non se coñece exactamente como puido afecta-la Revolución Irmandiña á construción, aínda que é considerado que chegou a ser derribada, seguindo as afirmacións do Licenciado Molina. Posteriormente, chegou a ser reconstruída sufrindo un novo asedio por parte do Conde de Camiña, Pedro Álvarez de Soutomaior. Ó longo dos séculos XVII e XVIII pasou por diferentes mans: Maceda, Benvente e Monterrei. Foi enclave destacado nas loitas con Portugal e utilizado tamén na Guerra de Sucesión. Non hai constancia de cando perdeu os paramentos que lle faltan, aínda que é posible que non se debese a un proceso violento, senón á simple depredación do seu material para a construción doutras edificacións cercanas.

Únicamente se conserva a torre, aínda que debeu contar con un recinto cercado similar ó da cercana torre da Pena, tal e como o deixan ver os restos de muretes con pequenos fosos e as marcas deixadas na rocha para ser asento de perpiaños, que nalgún caso deixan ver a pranta dun cubo circular. A pranta do conservado é cadrada, con muros feitos en perpiaño, a soga e tizón, e fiadas regulares, nos que son apreciables marcas de canteiro. A cimentación fíxose dicertamente na rocha e o edificio acada unha altura duns 17m, distribuídos en tres prantas máis un soto. O feito de ter roto o paramento permite ver o recheo interior, feito a base de cal e grandes perpiaños irregulares, acadando o muro unha anchura de 3,80m.

A entrada realízase á altura do primeiro piso, mediante unha porta da que só queda parte, con un arco que debía cobixar un tímpano . A torre remátase con modillóns en cuarto bocel.

Na parte baixa da torre, xunto ás casas, existen dous pozos, un construído hai uns 50 anos (2008) por un dos veciños das casas inmediatas, con peitoril e outro moito máis antigo e de maior tamaño, actualmente tapado do cual

se extrairon numerosos recipientes cerámicos medievais.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: AC-14

-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: GA32077002

BIBLIOGRAFÍA:

OLBES DURÁN, Carlos. *Castillos de Ourense*. Ediciones Lancia. Madrid. 1997

RODRÍGUEZ CAO, Celso. "Torres señoriales de la Limia Alta (Orense): estudio arquitectónico". *Castillos de España*, nº 107. 1997. pp. 55-62

VV.AA. "As torres do Val da Limia". *Anexo VIII Xornadas de Historia de Galicia, Aspectos históricos de Ourense*. Ourense. 1995. pp. 47-68

Características Construtivas

Plantas: B+3

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interés Cultural con arranxo ó Decreto de 22 de abril de 1949 do Ministerio de Educación Nacional.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Recreativo

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles

Nome	Subtipo	Localización
Xarra	Obxecto cerámico	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Xerro	Obxecto cerámico	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense







